Marta Giráldez Barral (1 para 1)
Alcaldesa
Data de Sinatura: 04/11/2026
HASH: fa951f6f81038204f0aaad453b59ec9

Serie documental: S0320 – Expediente de concurso-oposición
N. Expediente: 1370/2026
Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
Asunto: Proceso selectivo para a contratación por substitución por vacante na categoría de operario de servizos múltiples e formación dunha listaxe de agarda

PROVIDENCIA INICIO

Expediente de provisión, mediante concurso-oposición libre, dun posto de persoal laboral: operario de servizos múltiples, mediante contrato laboral de substitución por vacante, Grupo laboral IV/V; e formación dunha listaxe de agarda para a cobertura temporal do posto.

O Concello de Meis precisa cubrir, mediante contrato temporal de substitución por vacante (modelo 410), o posto de operario de servizos múltiples, persoal laboral, cuxo titular D. José Carlos Iglesias Ferreira se encontra próximo á idade de xubilación (9 de decembro de 2026).

Tratándose dunha posto estructural previsto na "RPT", integrado na area de obras e servizos múltiples do Concello, e á vista da necesidade de cubrir a praza con carácter de temporal, pola vacante que se produza; faise preciso iniciar os trámites para a cobertura temporal da mesma, en tanto se dota con carácter definitivo.

Características posto:

Grupo/ Subgrupo	N.º de prazas	Denominación	Acceso	Titulación	Nivel destino	Nivel de lingua galega requirido
IV/V	1	Operario de Servizos Múltiples	Libre	Non se esixe	12	CELGA II

En virtude do disposto, **DISPOÑO:**

1º.- Incóese expediente para provisión mediante concurso-oposición libre, do posto de operario de servizos múltiples, co carácter de persoal laboral temporal, mediante contrato de substitución por vacante, Grupo IV/V.

O proceso selectivo tamén inclúe a formación dunha listaxe de agarda para a cobertura temporal do posto, que se utilizará para cubrir novas contratacións, baixas e substitucións temporais en casos excepcionais e de carácter urxente e inaprazable de persoal na categoría de operario de servizos múltiples.

2º.- Incorpórese ao expediente o preceptivo xustificante de existencia de crédito.

3º.- Incorpórense ao expediente as bases de selección que garantan os principios de igualdade, mérito e capacidade e demáis documentación complementearia prevista na Lei.

En Meis, a data da sinatura dixitral.
A Alcaldesa
Marta Giráldez Barral
ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE

Cod. Validación: M5PXNNPPT92S4DG3QSF4H2GCW
Corrección: https://meis.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1